Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Morte

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A encanta da Fonte das Corradas

Na Fonte das Corradas do Campo do Couso, en Sadrarín, San Xurxo de Piquín, Ribeira de Piquín (Lugo) aparecéuselle unha encanta a unha muller.

A encanta, que se estaba peiteando cun peite de ouro, preguntoulle á muller:

Cal che gusta máis? A peina ou eu?

E como a muller lle contestou que a peina, vaise a encanta e arreboloulla a peina, e matouna.

Se lle contestara que lle gustaba máis ela, a encanta desencantábase, faríase cristiá e a muller sería feliz e moi rica para os días da súa vida.

BIBLIOGRAFÍA

OTERO, Anibal, «Vocabulario de San Jorge de Piquín», Verba, Anuario gallego de Filología, anejo 8, Universidade de Santiago de Compostela, 1977.